

ACTA de Reunión Urxente e Extraordinaria da XUNTA DE GOBERNO

Horario de intervención: das 17.30h do 10 de marzo de 2022 ás 15.00h do 11 de marzo de 2022
para as votacións.

Lugar: Modalidade de votación non presencial a través da vía telemática

RELACIÓN DE PERSOAS CONVOCADAS

Miriam Rodríguez Sierra

Antonio Doval Canabal

Ana María Rodríguez Fernández

María Rosario Capelo Casas

Cristina Díaz Mira

Ana María Vilar Varela

Elena Gómez Fernández

Pablo Antelo García

Laura Zapata Criado

Adriana Vieites Freire

ORDE DO DÍA

1. **Aprobar, se procede, a solicitude de subvención para unha das liñas convocadas pola Deputación Provincial de A Coruña, xa que remata o prazo de presentación o próximo xoves, 24 de marzo (o motivo de escolla é que só poden financiar unha delas):**

- a. **FOENAA/2022 para actividades de Formación**
- b. **FOENIAA/2022 Para investimento/equipamentos**

A Xunta de goberno aproba por unanimidade solicitar a liña b) FOENIAA/2022 cunha maior dotación económica de cara a executar reformas necesarias na sede colexial.

2. **Aprobar, se procede, o Acordo de Horario de Atención ao Público.**

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade mudar o horario de apertura do COTSG a:

- De luns a xoves: 08:00h a 19:00h
- Venres: 08:00h a 15:00h

O texto do acordo engadese a esta acta como anexo I

3. **Aprobar, se procede, o Acordo de Vacacións e Horas Extra**

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade o documento que recolle as condicións para a realización das horas extraordinarias e o cómputo dos días adicionais de vacacións por antigüidade do persoal a cargo do COTSG.

O texto do acordo engadese a esta acta como anexo II

4. **Aprobar, se procede, o Acordo de Teletraballo individual a partir do 14 de marzo:
Tamara Fernández e Ana Fungueiriño**

A Xunta de goberno toma por unanimidade o acordo polo cal as persoas traballadoras poderán obter a calidade de traballadoras a distancia, ao amparo do establecido nos artigos 13 e 34.8 do

Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e o Real Decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia, conservando as mesmas garantías e dereitos establecidos previamente.

Neste senso, aproban por unanimidade as solicitudes individuais de acordo de teletraballo a Tamara Fernández e a Ana Fungueiriño.

Visto e praxe:

A Presidenta

A Secretaria

Asdo: Miriam Rodríguez Sierra

Asdo: Ana Rodríguez Fernández



Anexo I

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 202

A Xunta de Goberno do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, acorda que o **HORARIO DE SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO** na Oficina da sede colexial situada na Rúa Dublín, n.6, baixo de Santiago de Compostela regularase do seguinte xeito:

-I- A fin de garantir unha asistencia adecuada, ordenada e de calidade ás persoas colexiadas, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia permanecerá aberto ao público, en horario ordinario de inverno, os días laborables de luns a xoves de 08.00 a 19.00 horas e os venres de 08.00 a 15.00 horas.

O horario de verán, que abarca dende o día 15 de xuño ata o día 15 de setembro ambos incluídos, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia permanecerá aberto ao público os días laborables de luns a venres de 09.00 a 15.00 horas.

-II- Por circunstancias excepcionais, urxentes, de necesidade do servizo ou de forza maior que non podan ser atendidas no horario de apertura ordinario anteriormente referenciado, poderase habilitar a apertura do Colexio os venres en horario de tarde, establecéndose un sistema de quendas rotativo entre todas as persoas traballadoras elaborado baixo os principios de igualdade e non discriminación.

A persoa traballadora que se encargue de atender un venres en horario de tarde, resultará compensada no tempo proporcional de descanso de desfrute de horas libres preferiblemente na mesma semana en que realiza a cobertura do venres, debendo o resto do equipo organizarse para que o servizo quede cuberto no horario de atención ao público do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

A realización do horario de tarde dos venres con carácter excepcional non terá a consideración de horas extraordinarias.

-III- En todo caso debe respectarse a xornada máxima e mínima de traballo anual establecida no Convenio Colectivo de aplicación, así como os dereitos laborais recoñecidos ás persoas traballadoras do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Como proba da conformidade do presente acordo, asínase no lugar e data sinalados no encabezamento.

Anexo II

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

A Xunta de Goberno do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, adopta as seguintes normas para á realización das **HORAS EXTRAORDINARIAS** e o **CÓMPUTO DOS DÍAS ADICIONAIS DE VACACIÓNS POR ANTIGÜIDADE** do persoal a cargo do COTSG:

-I- O artigo 9 do Convenio Colectivo do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia recolle a regulación sobre a realización de Horas extraordinarias establecendo que de producirse imprevistos, ausencias ou outras circunstancias de carácter urxente, permitirase facer horas extraordinarias, sempre e cando non sexa posible resolver estas situacións coa redistribución dos horarios do persoal contratado. Especialmente, a programación dos cursos de formación que organice o Colexio profesional debe intentar respectar o seu horario de apertura e atención ao público.

A realización de horas extraordinarias, que debe ser sempre previamente autorizada pola Secretaría do COTSG, ou pola persoa en que a mesma delegue a realización desta función, poderase compensar mediante remuneración económica ou mediante o desfrute de horas libres, a elección da persoa traballadora.

Terá necesariamente a condición de hora extraordinaria aquelas horas realizadas durante as fins de semana, días festivos e días inhábiles.

-II- O artigo 13 apartado 5º do Convenio Colectivo de aplicación dispón que no caso de completar os anos de antigüidade que se indican a continuación, terase dereito ao disfrute dos seguintes días de vacacións: *“15 anos de servizo: 24 días hábiles; 20 anos de servizo: 25 días hábiles; 25 anos de servizo: 26 días hábiles.; 30 ou más anos de servizo: 27 días hábiles”*.

O dereito anteriormente recoñecido farase efectivo desde o día seguinte ao de cumprimento dos correspondentes anos de servizo por cada unha das persoas traballadoras.

Como proba da conformidade do presente acordo, asínase no lugar e data sinalados no encabezamento.